

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10389** *Lei 36/2015, do 28 de setembro, de seguridade nacional.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### ÍNDICE

Preámbulo.

Título preliminar. Disposicións xerais.

Título I. Órganos competentes da seguridade nacional.

Título II. Sistema de seguridade nacional.

Título III. Xestión de crise no marco do Sistema de seguridade nacional.

Título IV. Contribución de recursos á seguridade nacional.

#### PREÁMBULO

##### I

A seguridade constitúe a base sobre a cal unha sociedade se pode desenvolver, preservar a súa liberdade e a prosperidade dos seus cidadáns, e garantir a estabilidade e o bo funcionamento das súas institucións.

A lexislación española así o reconece e interpreta, e contén instrumentos normativos que, partindo do marco deseñado pola Constitución, regulan os aspectos fundamentais que viñeron permitindo aos poderes públicos cumprir coas súas obrigacións nesta materia.

Así, as normas aplicables aos estados de alarma, excepción e sitio, á defensa nacional, ás forzas e corpos de seguridade, á protección da seguridade cidadá, á protección de infraestruturas críticas, á protección civil, á acción e ao servizo exterior do Estado ou á seguridade privada regulan, xunto coa lexislación penal e os tratados e compromisos internacionais en que España é parte, distintos aspectos da seguridade.

Esta regulación baséase na asignación de competencias ás distintas autoridades e administracións públicas, e artículase nun modelo tradicional e homologable cos países da nosa contorna, que se demostrou que é válido até agora e que permitiu facer fronte ás necesidades de seguridade dunha sociedade aberta, libre e democrática como a española.

Non obstante, no mundo actual e no contorno máis previsible para o futuro, os actores e as circunstancias que poñen en perigo os niveis de seguridade encóntranse suxeitos a constante mutación, e é responsabilidade dos poderes públicos dotarse da normativa, procedementos e recursos que lles permitan responder con eficacia a estes desafíos á seguridade.

Neste contexto aparece o campo da seguridade nacional como un espazo de actuación pública novo, enfocado á harmonización de obxectivos, recursos e políticas xa existentes en materia de seguridade.

Neste sentido, a seguridade nacional enténdese como a acción do Estado dirixida a protexer a liberdade e o benestar dos seus cidadáns, a garantir a defensa de España e os seus principios e valores constitucionais, así como a contribuír xunto aos nosos socios e aliados á seguridade internacional en cumprimento dos compromisos asumidos; este concepto, até a data, non foi obxecto dunha regulación normativa integral.

Este esforzo de integración reviste tanta importancia que a seguridade nacional debe ser considerada un obxectivo compartido polas diferentes administracións, estatal, autonómica e local, os órganos constitucionais, en especial as Cortes Xerais, o sector privado e a sociedade civil, dentro dos proxectos das organizacións internacionais de que formamos parte.

Por outro lado, a realidade demostra que os desafíos para a seguridade nacional que afectan a sociedade revisten en ocasións unha elevada complexidade, que desborda as fronteiras de categorías tradicionais como a defensa, a seguridade pública, a acción exterior e a intelixencia, así como outras máis recentemente incorporadas á preocupación pola seguridade, como o ambiente, a enerxía, os transportes, o ciberespacio e a estabilidade económica.

A dimensión que adquiren certos riscos e ameazas, a súa acusada transversalidade ou a combinación destes trazos coa súa natureza aberta e incerta, como sucede nas situacións de interese para a seguridade nacional definidas pola presente lei, son factores que indican claramente que toda resposta que implique os distintos axentes e instrumentos da seguridade nacional se verá reforzada e resultará máis eficiente se se realiza de forma coordinada.

O superior interese nacional require mellorar a coordinación das diferentes administracións públicas, coa busca de marcos de prevención e resposta que axuden a resolver os problemas que presenta unha actuación compartimentada, e coa organización, a diversos niveis e de maneira integral, da acción coordinada dos axentes e instrumentos ao servizo da seguridade nacional.

Esta lei dítase co propósito de responder a esta demanda, que vén sendo expresada polos axentes da seguridade nacional integrados nas administracións públicas, polo sector privado e pola sociedade en xeral. Non afecta a regulación dos distintos axentes e instrumentos que xa son obxecto de normas sectoriais específicas, senón que facilita a súa inserción harmónica no esquema de organización xeral, establecido pola Estratexia de seguridade nacional, do 31 de maio de 2013, baixo a denominación de Sistema de seguridade nacional, e liderado polo presidente do Goberno.

## II

Esta lei estrutúrase en cinco títulos.

No título preliminar, ademais das disposicións relativas ao seu obxecto e ámbito, a lei establece as definicións e principios xerais que inspiran o concepto de seguridade nacional como política de Estado, a cultura de seguridade nacional, a cooperación coas comunidades autónomas, a colaboración privada, os compoñentes fundamentais, así como os ámbitos de especial interese e as súas obrigacións.

No título I detállanse cales son os órganos competentes da seguridade nacional e que competencias se lles asignan nesta materia.

Pola súa parte, o título II dedícase á creación e definición do Sistema de seguridade nacional, as súas funcións e organización.

O título III regula a xestión de crises, como marco xeral de funcionamento do Sistema de seguridade nacional, e establece definicións e competencias nesa materia. A regulación da situación de interese para a seguridade nacional prevé que non se exerzan nela as potestades propias dos estados de alarma e de excepción, de modo que se isto for necesario habería que proceder á súa declaración e ao sometemento á súa normativa específica.

Por último, o título IV regula a contribución de recursos á seguridade nacional, que remite a unha nova lei que se desenvolverá.

A parte final da lei inclúe catro disposicións adicionais sobre coordinación con instrumentos internacionais de xestión de crises, homologación de instrumentos de xestión de crises e comunicación pública, respectivamente; unha disposición transitoria relativa á actividade dos comités especializados existentes no momento de entrada en vigor desta lei e catro disposicións derradeiras, que regulan os títulos competenciais, o desenvolvemento regulamentario, o mandato legislativo e a entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

**Disposicións xerais**Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regular:

- a) Os principios básicos, os órganos superiores e as autoridades, e os compoñentes fundamentais da seguridade nacional.
- b) O Sistema de seguridade nacional, a súa dirección, organización e coordinación.
- c) A xestión de crises.
- d) A contribución de recursos á seguridade nacional.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei será de aplicación ás diferentes administracións públicas e, nos termos que nela se establecen, ás persoas físicas ou xurídicas.
2. Os estados de alarma e excepción réxense pola súa normativa específica.

Artigo 3. *Seguridade nacional.*

Para os efectos desta lei entenderase por seguridade nacional a acción do Estado dirixida a protexer a liberdade, os dereitos e o benestar dos cidadáns, a garantir a defensa de España e os seus principios e valores constitucionais, así como a contribuír, xunto cos nosos socios e aliados, á seguridade internacional no cumprimento dos compromisos asumidos.

Artigo 4. *Política de seguridade nacional.*

1. A política de seguridade nacional é unha política pública en que, baixo a dirección do presidente do Goberno e a responsabilidade do Goberno, participan todas as administracións públicas, de acordo coas súas respectivas competencias, e a sociedade en xeral, para responderen ás necesidades da seguridade nacional.
2. Os principios básicos que orientarán a política de seguridade nacional son a unidade de acción, anticipación, prevención, eficiencia, sustentabilidade no uso dos recursos, capacidade de resistencia e recuperación, coordinación e colaboración.
3. A Estratexia de seguridade nacional é o marco político estratéxico de referencia da política de seguridade nacional. Contén a análise do contorno estratéxico, concreta os riscos e ameazas que afectan a seguridade de España, define as liñas de acción estratéxicas en cada ámbito de actuación e promove a optimización dos recursos existentes. Elabórase por iniciativa do presidente do Goberno, quen a somete á aprobación do Consello de Ministros, e revisarase cada cinco anos ou cando o aconsellen as circunstancias cambiantes do contorno estratéxico. Unha vez aprobada, será presentada nas Cortes Xerais nos termos previstos nesta lei.

Artigo 5. *Cultura de seguridade nacional.*

1. O Goberno promoverá unha cultura de seguridade nacional que favoreza a implicación activa da sociedade na súa preservación e garantía, como requisito indispensable para o desfrute da liberdade, a xustiza, o benestar, o progreso e os dereitos dos cidadáns.
2. Para os efectos do número anterior, o Goberno porá en marcha accións e plans que teñan por obxecto aumentar o coñecemento e a sensibilización da sociedade acerca dos requirimentos da seguridade nacional, dos riscos e ameazas susceptibles de comprometerla, do esforzo dos actores e organismos implicados na súa salvagarda, e a corresponsabilidade de todos nas medidas de anticipación, prevención, análise, reacción, resistencia e recuperación respecto aos ditos riscos e ameazas.

## Artigo 6. *Cooperación coas comunidades autónomas.*

1. A cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas nas materias propias desta lei realizarase a través da Conferencia Sectorial para Asuntos da Seguridade Nacional, todo isto sen prexuízo das funcións asignadas ao Consello de Seguridade Nacional.

2. En particular, corresponderá á Conferencia, como órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, o tratamento e resolución, conforme o principio de cooperación, daquelas cuestións de interese común relacionadas coa seguridade nacional, como as seguintes:

a) Procedementos técnicos para asegurar a recepción da información sobre seguridade nacional de carácter xeral por parte das comunidades autónomas e a articulación da información que estas deben achegar ao Estado.

b) Fórmulas de participación nos desenvolvementos normativos sobre seguridade nacional, mediante procedementos internos que faciliten a aplicación das actuacións da política de seguridade nacional, así como na elaboración dos instrumentos de planificación que se prevexa utilizar.

c) Problemas formulados na execución da política de seguridade nacional e no marco das respectivas competencias estatutarias autonómicas.

3. A participación das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla nos asuntos relacionados coa seguridade nacional tamén se articulará na Conferencia, para o que formará parte dela un representante de cada unha das cidades.

4. Para o seu adecuado funcionamento, a Conferencia elaborará un regulamento interno. Os acordos da Conferencia adoptaranse conforme o disposto no artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no seu regulamento interno.

## Artigo 7. *Colaboración privada.*

1. As entidades privadas, sempre que as circunstancias o aconsellen e, en todo caso, cando sexan operadoras de servizos esenciais e de infraestruturas críticas que poidan afectar a seguridade nacional, deberán colaborar coas administracións públicas. O Goberno establecerá regulamentariamente os mecanismos e formas desta colaboración.

2. O Goberno, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá canles que fomenten a participación do sector privado na formulación e execución da política de seguridade nacional.

## Artigo 8. *Participación cidadá na seguridade nacional.*

O Goberno, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá mecanismos que faciliten a participación da sociedade civil e as súas organizacións na formulación e na execución da política de seguridade nacional.

## Artigo 9. *Compoñentes fundamentais da seguridade nacional.*

1. Considéranse compoñentes fundamentais da seguridade nacional para os efectos desta lei a defensa nacional, a seguridade pública e a acción exterior, que se regulan mediante a súa normativa específica.

2. Os servizos de intelixencia e información do Estado, de acordo co ámbito das súas competencias, apoiarán permanentemente o Sistema de seguridade nacional, proporcionando elementos de xuízo, información, análise, estudos e propostas necesarios para previr e detectar os riscos e ameazas e contribuír á súa neutralización.

## Artigo 10. *Ámbitos de especial interese da seguridade nacional.*

Consideraranse ámbitos de especial interese da seguridade nacional aqueles que requiren unha atención específica por resultaren básicos para preservar os dereitos e liberdades, así como o benestar dos cidadáns, e para garantir a subministración dos servizos e recursos esenciais. Para os efectos desta lei, serán, entre outros, a ciberseguridade, a seguridade económica e financeira, a seguridade marítima, a seguridade do espazo aéreo e ultraterrestre, a seguridade enerxética, a seguridade sanitaria e a preservación do ambiente.

## Artigo 11. *Obrigacións das administracións públicas nos ámbitos de especial interese.*

1. No marco do Sistema de seguridade nacional, as administracións públicas con competencias nos ámbitos de especial interese da seguridade nacional estarán obrigadas a establecer mecanismos de coordinación e intercambio de información, especialmente en relación cos sistemas de vixilancia e alerta ante posibles riscos e ameazas.

2. Así mesmo, sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de protección de infraestruturas críticas, as administracións públicas citadas anteriormente asegurarán a dispoñibilidade dos servizos esenciais e a garantía da subministración de recursos enerxéticos, auga e alimentación, medicamentos e produtos sanitarios, ou calquera outro servizo e recurso de primeira necesidade ou de carácter estratéxico.

## TÍTULO I

### Órganos competentes da seguridade nacional

## Artigo 12. *Órganos competentes en materia de seguridade nacional.*

1. Son órganos competentes en materia de seguridade nacional:

- a) As Cortes Xerais.
- b) O Goberno.
- c) O presidente do Goberno.
- d) Os ministros.
- e) O Consello de Seguridade Nacional.
- f) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla.

2. Para os efectos desta lei, entenderase que son órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla os que correspondan segundo o disposto en cada estatuto de autonomía, en relación coas competencias que, en cada caso, estean relacionadas coa seguridade nacional.

3. As autoridades locais exercerán as competencias que lles corresponden de acordo con esta lei e co disposto na lexislación de réxime local e demais leis que lles sexan de aplicación.

## Artigo 13. *As Cortes Xerais.*

1. Con independencia das funcións que a Constitución e as demais disposicións legais asignan ás Cortes Xerais, correspóndelles debater as liñas xerais da política de seguridade nacional, para cuxos efectos o Goberno lles presentará, para o seu coñecemento e debate, a Estratexia de seguridade nacional, así como as iniciativas e plans correspondentes.

2. Designarase nas Cortes Xerais unha Comisión Mixta Congreso-Senado de Seguridade Nacional, seguindo para isto o disposto nos regulamentos das cámaras, co fin de que as cámaras teñan a participación adecuada nos ámbitos da seguridade nacional e dispoñan da máis ampla información sobre as iniciativas no marco da política de

seguridade nacional. No seo desta comisión mixta comparecerá anualmente o Goberno, a través do representante que designe, para informar sobre a evolución da seguridade nacional no dito período de referencia. Así mesmo, nesta comisión mixta será presentada a Estratexia de seguridade nacional e as súas revisións.

Artigo 14. *O Goberno.*

Corresponde ao Goberno:

- a) Establecer e dirixir a política de seguridade nacional e asegurar a súa execución.
- b) Aprobar a Estratexia de seguridade nacional e as súas revisións mediante real decreto, nos termos previstos nesta lei.
- c) Efectuar a Declaración de recursos de interese para a seguridade nacional en coordinación coas comunidades autónomas.

Artigo 15. *O presidente do Goberno.*

Corresponde ao presidente do Goberno:

- a) Dirixir a política de seguridade nacional e o Sistema de seguridade nacional.
- b) Propor a Estratexia de seguridade nacional e as súas revisións.
- c) Declarar a situación de interese para a seguridade nacional.
- d) Exercer as demais competencias que no marco do Sistema de seguridade nacional lle atribúan esta lei e as demais normas legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

Artigo 16. *Os ministros.*

Aos ministros, como responsables de desenvolveren a acción do Goberno nas materias que lles son propias, correspóndelles desenvolver e executar a política de seguridade nacional nos ámbitos dos seus respectivos departamentos ministeriais.

Artigo 17. *O Consello de Seguridade Nacional.*

O Consello de Seguridade Nacional, na súa condición de Comisión Delegada do Goberno para a Seguridade Nacional, é o órgano ao cal corresponde asistir o presidente do Goberno na dirección da política de seguridade nacional e do Sistema de seguridade nacional, así como exercer as funcións que lle sexan atribuídas por esta lei e asignadas polo seu regulamento.

## TÍTULO II

### Sistema de seguridade nacional

Artigo 18. *O Sistema de seguridade nacional.*

1. O Sistema de seguridade nacional é o conxunto de órganos, organismos, recursos e procedementos, integrados na estrutura prevista no artigo 20 desta lei, que permite aos órganos competentes en materia de seguridade nacional exercer as súas funcións.
2. No Sistema de seguridade nacional intégranse os compoñentes fundamentais seguindo os mecanismos de enlace e coordinación que determine o Consello de Seguridade Nacional, actuando baixo as súas propias estruturas e procedementos. En función das necesidades, poderanse asignar funcións a outros organismos e entidades de titularidade pública ou privada.

Artigo 19. *Funcións.*

Ao Sistema de seguridade nacional correspóndelle avaliar os factores e situacións que poidan afectar a seguridade nacional, solicitar e analizar a información que permita tomar

as decisións necesarias para dirixir e coordinar a resposta ante as situacións de crise previstas nesta lei, detectar as necesidades e propor as medidas sobre planificación e coordinación co conxunto das administracións públicas, co fin de garantir a dispoñibilidade e o correcto funcionamento dos recursos do Sistema.

*Artigo 20. Estrutura do Sistema de seguridade nacional.*

1. O presidente do Goberno dirixe o Sistema asistido polo Consello de Seguridade Nacional.

2. O Departamento de Seguridade Nacional exercerá as funcións de secretaría técnica e órgano de traballo permanente do Consello de Seguridade Nacional e dos seus órganos de apoio, así como as demais funcións previstas na normativa que lle sexa de aplicación.

3. Os órganos de apoio do Consello de Seguridade Nacional, coa denominación de comités especializados ou outra que se determine, exercen as funcións asignadas polo Consello de Seguridade Nacional nos ámbitos de actuación previstos na Estratexia de seguridade nacional, ou cando as circunstancias propias da xestión de crises o precisen.

4. Será obxecto de desenvolvemento regulamentario, en coordinación coas administracións públicas afectadas, a regulación dos órganos de coordinación e apoio do Departamento de Seguridade Nacional, así como dos mecanismos de enlace e coordinación permanentes cos organismos de todas as administracións do Estado que sexan necesarios para que o Sistema de seguridade nacional poida exercer as súas funcións e cumprir os seus obxectivos; todo isto sen prexuízo das previsións que en materia de xestión de crise contén o título III.

*Artigo 21. Funcións e composición do Consello de Seguridade Nacional.*

1. Corresponde ao Consello de Seguridade Nacional exercer as seguintes funcións:

a) Ditar as directrices necesarias en materia de planificación e coordinación da política de seguridade nacional.

b) Dirixir e coordinar as actuacións de xestión de situacións de crise nos termos previstos no título III.

c) Supervisar e coordinar o Sistema de seguridade nacional.

d) Verificar o grao de cumprimento da Estratexia de seguridade nacional e promover e impulsar as súas revisións.

e) Promover e impulsar a elaboración das estratexias de segundo nivel que sexan necesarias e proceder, se for o caso, á súa aprobación, así como ás súas revisións periódicas.

f) Organizar a contribución de recursos á seguridade nacional conforme o establecido nesta lei.

g) Aprobar o Informe anual de seguridade nacional antes da súa presentación nas Cortes Xerais.

h) Acordar a creación e o fortalecemento dos órganos de apoio necesarios para o desempeño das súas funcións.

i) Impulsar as propostas normativas necesarias para o fortalecemento do Sistema de seguridade nacional.

j) Realizar as demais funcións que lle atribúan as disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

2. Por proposta do presidente do Goberno, o Consello de Seguridade Nacional informará o rei ao menos unha vez ao ano. Cando o rei asista ás reunións do Consello, presidiráo.

3. A composición do Consello de Seguridade Nacional determinarase conforme o previsto no número 8 deste artigo. En todo caso, deberán formar parte do dito consello:

a) O presidente do Goberno, que o presidirá.

b) Os vicepresidentes do Goberno, se os houber.

c) Os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Xustiza, de Defensa, de Facenda e Administracións Públicas, do Interior, de Fomento, de Industria, Enerxía e Turismo, de Presidencia, de Economía e Competitividade e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

d) O director do Gabinete da Presidencia do Goberno, o secretario de Estado de Asuntos Exteriores, o xefe de Estado Maior da Defensa, o secretario de Estado de Seguridade e o secretario de Estado-director do Centro Nacional de Intelixencia.

4. O director do Departamento de Seguridade Nacional será convocado ás reunións do Consello de Seguridade Nacional.

5. Tamén poderán formar parte do Consello, cando sexan convocados en función dos asuntos que se vaian tratar, os titulares dos demais departamentos ministeriais e as autoridades autonómicas afectadas na toma de decisións e actuacións que desenvolva o Consello.

6. Sen prexuízo do establecido nos números 3 e 4, os titulares dos órganos superiores e directivos da Administración xeral do Estado, dos organismos públicos, das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía, así como as autoridades da Administración local, serán convocados ás reunións do Consello cando a súa contribución se considere necesaria e, en todo caso, cando os asuntos que se vaian tratar afecten as súas respectivas competencias.

7. Igualmente, poderán ser convocadas aquelas persoas físicas ou xurídicas cuxa contribución se considere relevante á vista dos asuntos que se vaian tratar na orde do día.

8. Mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do presidente do Goberno, desenvolverase a concreta composición, organización e funcións do Consello de Seguridade Nacional, no marco do disposto nesta lei.

### TÍTULO III

#### **Xestión de crises no marco do Sistema de seguridade nacional**

##### *Artigo 22. Xestión de crises.*

1. A xestión de crises é o conxunto ordinario de actuacións dirixidas a detectar e valorar os riscos e ameazas concretos para a seguridade nacional, facilitar o proceso de toma de decisións e asegurar unha resposta óptima e coordinada dos recursos do Estado que sexan necesarios.

2. A xestión de crises desenvolverase a través de instrumentos de prevención, detección, resposta, retorno á normalidade e avaliación. O seu desenvolvemento será gradual e implicará os diferentes órganos que compoñen a estrutura do Sistema de seguridade nacional, segundo as súas competencias e de acordo coa situación de crise que se produza. Así mesmo, na xestión de crises participarán as autoridades da comunidade autónoma que, se for o caso, resulte afectada.

##### *Artigo 23. Situación de interese para a seguridade nacional.*

1. A xestión de crises desenvolverase na situación de interese para a seguridade nacional e adaptarse ás súas específicas circunstancias, de acordo co disposto neste título.

2. A situación de interese para a seguridade nacional é aquela que, pola gravidade dos seus efectos e a dimensión, urxencia e transversalidade das medidas para a súa resolución, require da coordinación reforzada das autoridades competentes no desempeño das súas atribucións ordinarias, baixo a dirección do Goberno, no marco do Sistema de seguridade nacional, coa garantía do funcionamento óptimo, integrado e flexible de todos os recursos dispoñibles, nos termos previstos nesta lei.

3. A situación de interese para a seguridade nacional afrontase cos poderes e cos medios ordinarios das distintas administracións públicas e en ningún caso poderá implicar a suspensión dos dereitos fundamentais e liberdades públicas dos cidadáns.



Artigo 24. *Declaración da situación de interese para a seguridade nacional.*

1. A situación de interese para a seguridade nacional será declarada polo presidente do Goberno mediante real decreto. A declaración incluirá, ao menos:

- a) A definición da crise.
- b) O ámbito xeográfico do territorio afectado.
- c) A duración e, se for o caso, a posible prórroga.
- d) O nomeamento, se for o caso, dunha autoridade funcional e a determinación das súas competencias para dirixir e coordinar as actuacións que procedan.
- e) A determinación dos recursos humanos e materiais necesarios para afrontar a situación de interese para a seguridade nacional, previstos nos correspondentes plans de preparación e disposición de recursos, así como doutros recursos adicionais que se requiran en cada caso, de acordo co disposto no título IV.

2. A declaración de situación de interese para a seguridade nacional suporá a obrigación das autoridades competentes de achegar os medios humanos e materiais necesarios que se encontren baixo a súa dependencia, para a efectiva aplicación dos mecanismos de actuación.

3. O Goberno informará inmediatamente o Congreso dos Deputados das medidas adoptadas e da evolución da situación de interese para a seguridade nacional.

Artigo 25. *Funcións do Consello de Seguridade Nacional na xestión de crises.*

1. O Consello de Seguridade Nacional determinará os mecanismos de enlace e coordinación necesarios para que o Sistema de seguridade nacional se active preventivamente e realice o seguimento dos supostos susceptibles de derivar nunha situación de interese para a seguridade nacional.

2. Na situación de interese para a seguridade nacional, o presidente do Goberno convocará o Consello de Seguridade Nacional para que exerza as funcións de dirección e coordinación da xestión da dita situación, todo isto sen prexuízo da aplicación da lexislación en materia de defensa nacional e das competencias que correspondan ao Consello de Ministros. Nos casos en que o presidente do Goberno decida designar unha autoridade funcional para o impulso e a xestión coordinada das actuacións, o Consello de Seguridade Nacional asesorará sobre o nomeamento da dita autoridade.

3. O Consello de Seguridade Nacional asesorará o presidente do Goberno cando a situación requira a aplicación de medidas excepcionais previstas nos instrumentos de xestión de crises das organizacións internacionais das cales España sexa membro, todo isto sen prexuízo das facultades que corresponden ao Consello de Ministros e do previsto na lexislación en materia de defensa nacional.

Artigo 26. *Órganos de coordinación e apoio do Consello de Seguridade Nacional en materia de xestión de crises.*

1. En materia de xestión de crises, o Consello de Seguridade Nacional estará asistido por un comité especializado de carácter único para o conxunto do Sistema de seguridade nacional, para o cal estará apoiado polo Departamento de Seguridade Nacional. Ao citado comité especializado corresponderalle, entre outras funcións, elaborar propostas das directrices político-estratéxicas e formular recomendacións para a dirección das situacións de interese para a seguridade nacional. Será presidido polo membro do Consello de Seguridade Nacional ou, se for o caso, pola autoridade funcional, que sexa designado polo presidente do Goberno.

2. Os instrumentos preventivos dos órganos de coordinación e apoio do Consello de Seguridade Nacional poderanse activar anticipadamente, para levar a cabo a análise e seguimento dos supostos susceptibles de derivar nunha situación de interese para a seguridade nacional. Para estes efectos, todas as administracións e organismos públicos estarán obrigados a colaborar de conformidade co previsto nesta lei.

## TÍTULO IV

**Contribución de recursos á seguridade nacional**

Artigo 27. *A contribución de recursos á seguridade nacional no Sistema de seguridade nacional.*

1. A achega de recursos humanos e materiais, tanto públicos como privados, non adscritos con carácter permanente á seguridade nacional, basearase nos principios de contribución gradual e proporcionada á situación que sexa necesario afrontar e de indemnidade.

2. A organización da contribución de recursos á seguridade nacional recaerá no Consello de Seguridade Nacional, en coordinación coas comunidades autónomas, nos termos establecidos nesta lei e nas demais que sexan de aplicación.

3. As diferentes administracións públicas, a través dos seus órganos competentes, disporán dun sistema de identificación, avaliación e planificación de medios e recursos correspondentes aos seus respectivos ámbitos competenciais, para facer fronte aos posibles riscos ou ameazas á seguridade nacional.

4. As comunidades autónomas e as entidades locais colaborarán na elaboración dos plans de recursos humanos e materiais necesarios para as situacións de crise previstas nesta lei.

5. O sector privado participará na contribución de recursos á seguridade nacional.

6. O funcionamento e organización da contribución de recursos á seguridade nacional establecerase regulamentariamente de conformidade co previsto nesta lei.

Artigo 28. *Catálogo de recursos para a seguridade nacional.*

1. O Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do Consello de Seguridade Nacional, procederá a aprobar un catálogo de recursos humanos e de medios materiais dos sectores estratéxicos da Nación que poidan ser postos á disposición das autoridades competentes na situación de interese para a seguridade nacional. A súa elaboración realizarase en coordinación co previsto nos catálogos sectoriais existentes no conxunto das administracións públicas. Para os ditos efectos, as comunidades autónomas elaborarán os correspondentes catálogos de recursos con base nas súas propias competencias e na información facilitada polo Goberno, que se integrarán no mencionado catálogo.

2. O dito catálogo será actualizado cando así o estableza o Goberno e, en todo caso, cada vez que se revise a Estratexia de seguridade nacional, de acordo cos novos riscos e ameazas.

3. Unha vez aprobado o catálogo, os compoñentes do Sistema de seguridade nacional establecerán as directrices e procedementos para capacitar persoas e adecuar aqueles medios e instalacións, públicos e privados, en caso de necesidade. Para estes efectos, elaboraranse os plans de preparación e disposición de recursos para a seguridade nacional.

Artigo 29. *Declaración de recursos para a seguridade nacional.*

1. O Goberno aprobará mediante real decreto a Declaración de recursos que se poderán empregar na situación de interese para a seguridade nacional prevista nesta lei. O dito real decreto incluírá a relación de medios humanos e materiais, tanto públicos como privados, que procedan.

2. A disposición de recursos efectuarase mediante a adscrición ao Sistema de seguridade nacional do persoal, instalacións e medios, segundo os plans activados para a situación de interese para a seguridade nacional prevista nesta lei. A adscrición dos ditos recursos realizarase tal e como se estableza regulamentariamente, en coordinación coas comunidades autónomas.

3. Calquera prexuízo que se ocasione como consecuencia da declaración de recursos para a seguridade nacional dará lugar á correspondente indemnización, de

acordo co disposto nas normas legais que resulten de aplicación e, en concreto, nos artigos 139 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira.

Os instrumentos de xestión de crise e de contribución de recursos do Sistema de seguridade nacional servirán de apoio nos estados de alarma e de excepción de conformidade coa súa propia regulación específica, a decisión do Goberno, e sen prexuízo do disposto na lexislación de defensa nacional.

Disposición adicional segunda. *Coordinación con outros instrumentos internacionais de xestión de crises.*

As normas e procedementos de xestión de crises do Sistema de seguridade nacional deberán ser compatibles e homologables cos instrumentos de xestión de crises das organizacións internacionais en que España é parte.

Disposición adicional terceira. *Homologación dos instrumentos de xestión de crises.*

Os órganos competentes das distintas administracións públicas revisarán, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as súas normas e procedementos de actuación para adecuar e coordinar o seu funcionamento no Sistema de seguridade nacional.

Disposición adicional cuarta. *Comunicación pública.*

O Sistema de seguridade nacional deberá contar cunha política informativa para situacións de crise, cuxa coordinación estará a cargo da autoridade que exerza de voceira do Goberno.

Disposición transitoria única. *Actividade dos comités especializados existentes no momento da entrada en vigor desta lei e procedementos de actuación.*

1. Os comités especializados do Consello de Seguridade Nacional existentes no momento da entrada en vigor desta lei continuarán desenvolvendo as súas funcións de acordo cos respectivos acordos de constitución até que sexan adaptados ao disposto nesta lei, o cal se deberá facer no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

2. En particular, neste proceso de adaptación dos acordos de constitución dos comités especializados mencionados no número anterior, impulsarase a adaptación ou preparación dos procedementos necesarios para coordinar as súas actuacións con cantos outros órganos colexiados ou grupos dependentes destes conflúan na xestión de crises, no marco do previsto nos artigos 18.2 e 22.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas e en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Mandato lexislativo.*

O Goberno, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, deberá remitir ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei reguladora da preparación e disposición da contribución de recursos á seguridade nacional.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY